



No documento abaixo indicado achéganse as bases de participación na Ramallosa de 2015.

1. Haberá 3 modalidades de premios:
 - A.- Faroís artísticos confeccionados polos propios participantes
 - B.- Ramos tradicionais engalonados con faroís propios ou dos repartidos pola organización
 - C.- Fachada ou ó local comercial mellor adornado con faroís
2. Para optar ós premios é obrigatorio inscribirse na Oficina de Turismo do Concello de Celanova antes das 14,00 horas do día da Ramallosa e, nos casos A) e B), completar o percorrido tradicional da Ramallosa.
3. Os grupos participantes no apartado A), ademais de portar o farol artístico deberán portar tamén ramos con faroís tradicionais encendidos.
 - 3.1.- Consideraranse faroís artísticos aquelas construcións que, seguindo os principios formais dun farol, reproduzan obxectos reais ou imaxinarios abertos á creatividade artística dos seus autores.
 - 3.2.- Non se pon límite ningún ó tipo de material (papel, tela, plástico, etc.) utilizado para a confección deste tipo de faroís, sempre e cando o efecto que se consiga sexa o propio dun farol e o obxecto irradie luz do seu interior.
4. Os participantes que opten ó apartado B), deberán portar un ramo de loureiro, carballo ou calquera outra especie arbórea autóctona, do que pendurarán os faroís encendidos.
5. Non se permitirán vehículos motorizados nin a presenza de cabalos ou outros animais de acompañamento. Durante o percorrido do desfile e con carácter excepcional autorízase a presenza de carritos musicais, quedando prohibidos ó remate do mesmo.
6. Os participantes que opten ó apartado C), deberán manter os faroís iluminados, cando menos en canto dura a Ramallosa.
7. Os premios serán entregados no transcurso da verbena.
8. Concederanse dous premios para cada modalidade:
 - Modalidade A:
 - 1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova
 - 2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova
 - Modalidade B:
 - 1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova
 - 2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova

-Modalidade C:

-1º: 300 € concedidos polo Concello de Celanova

-2º: 100 € concedidos pola Mancomunidade Terra de Celanova

9. O xurado estará composto por representantes municipais e de diversos colectivos socio-culturais da vila.

10. Calquera imprevisto será resolto polo xurado no transcurso da Ramallosa e a participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

11. O ramo da Ramallosa será sorteado co número que se entregará ó comprar a pañoleta.

DILIXENCIA.- Póño eu, secretario, para facer constar que as bases precedentes foron aprobadas en virtude de acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de xullo de 2015.
